

ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO
HENRIQUE MONTEAGUDO

DE VERBO A VERBO
Documentos en galego
anteriores a 1260

Verba, ANUARIO GALEGO DE FILOLOXÍA
ANEXO 65

2009
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260

Introdución.....	5
I. Estudo lingüístico	
1 Tipoloxía scriptolingüística dos textos.....	9
1.1. Compactación.....	10
1.2. Autonomización.....	11
1.3. Individuación.....	12
1.4. A transición do latín ao galego na escrita: visión global do proceso.....	14
1.5. Tipoloxía diplomático-xurídica.....	16
1.6. A subscripción notarial.....	19
2. Estudo lingüístico: fonémica e grafémica.....	22
2.1. Vogais.....	23
2.1.1. Variación no timbre e a grafía das vogais medio-altas [e] e [o].....	23
2.1.1.1. As vogais o/u e e/i en posición tónica e postónica.....	24
2.1.1.2. As vogais o/u en posición pretónica: casos especiais.....	25
2.1.1.3. As vogais e/i en posición pretónica.....	27
2.1.2. Outros casos de vacilación do vocalismo.....	28
2.2. Ditongos.....	28
2.2.1. Ditongo ou.....	29
2.2.2. Ditongo ei.....	32
2.2.3. Os ditongos oi e ui.....	34
2.2.4. O ditongo ua.....	35
2.3. Vogais en hiato e outros fenómenos que afectan ao vocalismo.....	36
2.4. Grafos <y> e <j>.....	39
2.5. A nasalidade.....	41
2.6. Consoantes: variación e representación gráfica.....	46
2.6.1. Bilabiais. Grafías por <u>.....	47
2.6.2. Fricativas dentais. Confusións <ss>/<s>.....	47
2.6.3. Africadas dentoalveolares. Grafías <c> - <sc>/<ç> e <z>.....	48
2.6.4. Africada dentoalveolar. Grafía <ch>.....	49
2.6.5. Fricativas prepalatais. Grafías <i> - <j> -<J> e <y>.....	50
2.6.6. Palatal lateral e palatal nasal. Grafías <l>/<ll> e <n>/<nn>/<ñ>.....	51
2.6.7. Grafías <qu> e <g/gu>.....	52
2.7. Recapitulación.....	52
3. Aspectos morfosintácticos. Características e variación.....	53
3.1. Variación morfosintáctica en nomes e pronomes.....	54
3.1.1. Plural dos nomes.....	54
3.1.2. Formas derivadas de unu-/una-: numeral, artigo indeterminado e indefinido.....	54
3.1.3. Pronomes posesivos.....	55
3.1.4. Pronomes demostrativos.....	56

3.1.5. Pronomes indefinidos	56
3.1.6. Pronomes relativos e adverbios pronominais.....	58
3.1.7. Numerais cardinais, ordinais, partitivos e multiplicativos	60
3.1.8. Pronomes persoais.....	60
3.2. A variación morfolóxica na conjugación verbal	66
3.2.1. Verbos regulares	66
3.2.2. Verbos irregulares.....	67
3.3. Adverbios e locucións adverbiais	69
3.4. Preposicións e locucións prepositivas	70
3.5. Conxuncións e locucións conxuntivas. Proposicións subordinadas.....	73
3.6. Morfoloxía derivativa: sufixos e terminacións	77
3.6.1. Sufixo e terminación <i>-zon/-çon/-cion</i>	77
3.6.2. Outros sufixos: <i>-mento, -uill/-uel, -aria, -adigo e -age</i>	78
3.6.3. Terminacións <i>-zol/-za e -ncial/-nza</i>	79
II. Criterios de edición	80
III. Edición dos documentos	89
IV. Glosario	153
1. Introducción	153
1.1. Macroestrutura.....	153
1.2. Microestrutura	154
2. Abreviaturas lexicográficas e gramaticais.....	156
3. A-Z	157
V. Índices e mapas.....	259
1. Índice toponímico.....	259
2. Índice antroponímico	269
3. Mapa coa localización dos documentos.....	281
4. Situación das terras medievais citadas nos documentos	282
VI. Bibliografía.....	283

Índice de cadros e táboas

Cadro nº 1. Subscricións notariais	21
Cadro nº 2. Uso do grafo <y> nos documentos da colectánea. Elaboración propia	45-46
Cadro nº 3. Uso do grafo <y> nos documentos do apéndice. Elaboración propia	46
Cadro nº 4. Formas do pronome persoal.....	64
Cadro nº 5. Variantes <i>e- ø/-o</i> para a desinencia da P3 do IPret. de perfectos fortes	68
Cadro nº 6. Encontros das preposicións co artigo determinado e demostrativos	72

Táboa 1.- *Data e procedencia dos documentos galegos estudados (1231 – 1258)*..... 151-152

Introdución

A obra que presentamos contén no seu cerne a edición de cincuenta documentos notariais producidos en galego entre ca. 1225 e ca. 1260, lidos directamente sobre os orixinais, senón un caso excepcional (nº 6), que é un traslado cronoloxicamente moi próximo ao orixinal. Incluímos en apéndice cinco documentos máis anteriores a 1260, pero aos que non temos acceso directo porque se extraviou o orixinal e soamente os coñecemos ben mediante edición realizada nos nosos tempos (B, C, D), ben mediante copia coetánea (A e E). O criterio para a escolla dos documentos foi a lingua en que están escritos: o galego *sensu strictu*, isto é, sen incluír o portugués¹. A inmensa maioría dos documentos foron redactados dentro do dominio lingüístico galego, pero hai algún exemplo procedente do exterior deste (nº 16, datado en Sevilla). Por tanto, a colección que presentamos acolle o groso da ‘produción primitiva’ en lingua galega, se por tal entendemos a producida en escrita romance (por oposición á latina medieval) e cun grao de definición idiomática indiscutible (por oposición aos textos híbridos ou fronteirizos). De contado precisaremos estes puntos. Deixamos por agora sinalado que a nosa pretensión foi recoller e editar todos os documentos notariais en galego anteriores a 1256, e unha selección dos do período 1256-60.

A partir da nosa edición, elaboramos un estudo scriptolingüístico dos textos (que en parte foi adiantado en Monteagudo 2009), dous índices (un deles antroponímico e o outro toponímico) e mais un amplo glosario. As palabras gramaticais van tratadas no estudo introdutorio, mentres que os vocábulos con maior substancia léxica aparecen no dito glosario. Ofrecemos tamén unha táboa dos documentos, e dous mapas que axudan a localizar os seus lugares de procedencia e as áreas en que se sitúan os topónimos citados neles (que na súa práctica totalidade aparecen identificados no correspondente índice), así como a localización aproximada das *terras* medievais que lles serven de referencia territorial. Doutra banda, incluímos en caderno anexo unha reprodución fotográfica dos documentos, o que facilitará o cotexo cómodo das nosas lecturas cos orixinais. No sitio web do Instituto da Lingua Galega colocarase cadansúa reprodución fotográfica dixital, o que permitirá realizar consultas máis esixentes.

A orixe remota da obra que presentamos sitúase hai cinco anos, cando un de nós publicou un catálogo dos documentos éditos en galego anteriores a 1260 (Boullón 2004). Co gallo do simposio ‘Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media’, organizado polo Instituto da Lingua Galega e o Consello da Cultura Galega en 2005, anunciamos publicamente a nosa intención de dar ao prelo

1 Con todo, advirtase que a nosa opción non implica unha posta en cuestión ou unha tomada de posición apriorística sobre a cuestión da relativa unidade do galego-portugués na época.

unha escolma da produción galega primitiva e puxémonos mans á obra, coa localización de máis testemuños dos censados no devandito catálogo. Entrementes, apareceu un inventario dos máis antigos documentos galego-portugueses (Souto Cabo 2006), que ampliaba a nómina dos coñecidos. O labor de edición do volume de actas do amentado simposio (Boullón 2007) e de preparación das nosas contribucións a este, e en particular a edición e estudo do foral de Caldelas (Monteagudo 2008b) foi compatibilizado coa procura e lectura dos documentos.

Por razóns obvias, a primeira tarefa que abordamos foi precisamente a lectura interpretativa dos documentos, que nos serviu de base dunha banda ao estudo scripto-lingüístico e doutra banda aos índices e o glosario. Para tal, tivemos que determinar previamente os criterios de edición, que van explicados no lugar correspondente (pp. 80-87 do presente volume). Adiantamos aquí que pretendemos ofrecer unha lectura interpretativa, seguindo en xeral os criterios definidos por Ramón Lorenzo, ben que manténdonos nalgúns puntos máis próximos ao orixinal, en razón da atención que están a suscitar as investigacións sobre o plano grafemático. Ademais, conscientes de sermos un elo na cadea de estudosos dos textos medievais, tivemos en conta as edicións precedentes, que anotamos cando o consideramos oportuno.

A comezos de 2008 tiñamos fixado o texto que iamos editar, a partir do cal tiramos unhas concordancias que nos foron de utilidade básica. Entrementes, ao lor do crecente interese pola investigacións sobre o período de emerxencia, comezaron a aparecer edicións de varios dos textos que son obxecto do noso traballo (en particular Gutiérrez Pichel 2007, 2008a e 2008b, e sobre todo, Souto Cabo 2008). Estas edicións xa non puideron ser tidas en conta á hora de fixar o noso texto, e polo mesmo, non foron cotexadas coas nosas lecturas. Igualmente, moi ao noso pesar, tampouco puidemos incluír o interesante documento que exhumou e deu ao prelo Ramón Lorenzo (2009), procedente do mosteiro de Montederramo e datado en 1247. Deixamos constancia destes traballos nun epígrafe final da bibliografía.

Non é este lugar para unha discusión demorada dos nosos criterios de inclusión dos textos, que aparecen explicados e xustificados nun par de estudos que se poden considerar introdutorios á presente obra (Monteagudo 2007 e Monteagudo 2009). Reiteramos que o noso foco se situou sobre os textos definidamente galegos, pero como o período que nos ocupa constitúe unha fase crucial do proceso de definición, sería descabido pretender aplicar un criterio moi ríxido. Doutra banda, como tamén nos interesaba ofrecer unha imaxe do mesmo proceso, incluimos algúns textos (nomeadamente os nº 1 e 4) que o anuncian proceso, pero corresponden máis ben a fases moi temperás do mesmo.

Doutra banda, na selección dos documentos de 1256 a ca. 1260 procuramos ofrecer unha mostra que abranguese coa maior amplitude posible o territorio galego

e mais a diversidade de tipos textuais, o que nos aconsellou adiantar lixeiramente o marco cronolóxico (documentos nº 49 e 50). Manexando un criterio flexible, aspiramos a acoller o testemuño máis antigo de cada colección documental que tivera mostras en galego dentro do período considerado (coma tal, catedrais de Lugo e Ourense, e mosteiros de Monfero, Sobrado e Caaveiro). A relación completa dos arquivos e dos documentos procedentes de cada un expónse a seguir.

AA = Arquivo de Antealtares (Santiago de Compostela): 2 (Trives VII/11, AA VII/48)

ACOu = Arquivo da Catedral de Ourense (Ourense): 2 (monacais nº 675 e nº 6147)

AHN = Archivo Histórico Nacional (Madrid): 36, dos cales, 1 pertence á sección de Ordes Militares (390, nº 199), e o resto á sección de Clero (Carp. 491, nº 6, Carp. 521, nº 4, Carp. 1082, nº 18, Carp. 1083, nº 23, Carp. 1085, nº 1 bis, Carp. 1086, nº 3, Carp. 1087, nº 16, 8, Carp. 1088, nº 1, 7, 15, Carp. 1107, nº 16, Carp. 1134, nº 20, Carp. 1135, nº 15, Carp. 1216, nº 9, Carp. 1328G, nº 5, Carp. 1329A, nº 6, 25, 27, Carp. 1329B, nº 22, Carp. 1329E, nº 4, 9, 12, Carp. 1441, nº 4, nº 11, Carp. 1448, nº 2, 4, 6, Carp. 1506, nº 9, Carp. 1517, nº 6, Carp. 1527, nº 7, Carp. 1786, nº 18, Carp. 1801, nº 9, Carp. 3566, nº 13, 14)

AHPOu = Arquivo Histórico Provincial de Ourense: 5 (Sta. Clara de Allariz, Carp. 6, nº 1, 2, 3, 4; Montederramo Carp. 9, nº 2).

ARG = Arquivo do Reino de Galicia: 4 (Pergamiños, nº 111, 114, 312, 327)

MPontevedra = Museo de Pontevedra: 1.

Nunha obra do empeño que presentou a que temos entre mans, é imprescindible contar cunha serie de axudas. Queremos salientar en primeiro lugar a solícita colaboración dos arquivos galegos e o persoal que os atende, que nos deron todo tipo de facilidades para a consulta e reprodución dos documentos: Arquivo da Catedral de Ourense, Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña), Arquivo Histórico Universitario (USC), Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Arquivo do convento de San Paio de Antealtares (Santiago) e Museo de Pontevedra. Doutra banda, debemos deixar constancia das enormes dificultades que opón (a pesar da amabilidade do persoal técnico) a consulta e reprodución dos orixinais custodiados no Archivo Histórico Nacional (Madrid), o que fai inxustamente laborioso e custosísimo o traballo cos seus fondos para os investigadores que non residen na capital. Isto é especialmente gravoso se temos en conta que o groso dos fondos medievais galegos está desprazado ao dito arquivo.

Sentímonos especialmente honrados e satisfeitos de agradecer a colaboración de Ramón Lorenzo, Rosario Álvarez, María do Carme Pérez e Xulio Sousa, sen pretendemos, claro está, facelos corresponsables dos erros que puideramos cometer. Os dous primeiros resolvéronnos múltiples dúbidas e consultas de todo tipo, Maka Pérez prestounos a súa inestimable axuda para desatar enleados nós paleográficos e Xulio

Sousa confeccionou os mapas que ilustran o volume. Queremos agradecer tamén aos compañeiros do Instituto da Lingua Galega o seu cordial apoio. E non podemos esquecer as nosas familias, en particular os nosos respectivos cónxuxes Pere e Loli, e os nosos fillos, a quen roubamos moitas horas de convivencia e lecer para podermos botar a navegar esta nave. Séxanlle os ventos propicios, e chegue a bo porto!

Compostela, no lume novo do 2009